SINDICATOS	N.º	%
UXT	6407	31,14
CC.OO	5935	28,85
GIG	5864	28,50
OUTROS	2367	11,51
<b>Totais</b>	<b>20.573</b>	<b>100</b>

**GE 8- Distribución porcentual dos representantes elixidos. Galicia (do 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2008).**




**2.11- Representantes elixidos por provincias, desde o 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2008.**

**A Coruña**

SINDICATOS	N.º	%
UXT	2663	32,05
CC.OO	2365	28,46
CIG	2332	28,07
OUTROS	949	11,42
<b>Totais</b>	<b>8309</b>	<b>100,00</b>

**GE 9- Distribución provincial dos representantes elixidos. Período do 2005 ao 2008**


**A Coruña**



**Lugo**

SINDICATOS	N.º	%
CC.OO	730	31,42
UXT	784	33,75
CIG	467	20,10
OUTROS	342	14,72
<b>Totais</b>	<b>2323</b>	<b>100,00</b>


**Lugo**



**Ourense**

SINDICATOS	N.º	%
UXT	799	35,69
CC.OO	603	26,93
CIG	460	20,54
OUTROS	377	16,84
<b>Totais</b>	<b>2239</b>	<b>100,00</b>


**Ourense**



**Pontevedra**

SINDICATOS	N.º	%
CIG	2602	33,93
UXT	2147	28,00
CC.OO	2221	28,96
OUTROS	698	9,10
<b>Totais</b>	<b>7668</b>	<b>100,00</b>


**Pontevedra**




**2.12- Resultados das centrais sindicais máis representativas, dende o 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2008.**

Sindicato	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL	%
CC.OO	2365	730	603	2221	5919	28,82
CIG	2332	467	460	2602	5861	28,54
UXT	2663	784	799	2147	6393	31,13
Outros	949	342	377	698	2366	11,52
<b>Totais</b>	<b>8309</b>	<b>2323</b>	<b>2239</b>	<b>7668</b>	<b>20.539</b>	<b>100,00</b>

**GE 10- Distribución dos representantes elixidos en Galicia, dende o 1 de xaneiro de 2005 ata o 31 de decembro de 2008.**



**GE 11- Resultados electorais provinciais acadados polos sindicatos máis representativos ata o 31 de decembro de 2008.**



**2.13- Distribución provincial dos representantes elixidos segundo as actas rexistradas, desde o 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2008, sobre o total de representantes con mandato nese período.**

Provincia	Representantes elixidos	Porcentaxe de representantes elixidos sobre o total
A Coruña	8309	40,45%
Lugo	2323	11,31%
Ourense	2239	10,90%
Pontevedra		37,33%
<b>Totais</b>	<b>20.539</b>	<b>100,00%</b>

**GE 12- Distribución da representatividade a nivel provincial. Evolución 2005-2008**




**2.14- Comparativa, a nivel provincial, dos representantes elixidos entre o período actual (01.01.05 ao 31.12.08) e o período anterior (01.01.04 ao 31.12.07).**

PROVINCIA	CC.OO		UXT		CIG		OUTROS		TOTAIS POR PROVINCIA	
	PA	PRM	PA	PRM	PA	PRM	PA	PRM	PA	PRM
A Coruña	2365	1992	2663	2315	2332	1918	949	914	8309	7139
Lugo	730	655	784	732	467	421	342	309	2323	2117
Ourense	603	593	799	760	460	440	377	334	2239	2127
Pontevedra	2221	2036	2147	2053	2602	2429	698	691	7668	7209
<b>Totais</b>	<b>5919</b>	<b>5276</b>	<b>6393</b>	<b>5860</b>	<b>5861</b>	<b>5208</b>	<b>2366</b>	<b>2248</b>	<b>20.539</b>	<b>18.592</b>

PA: Datos do período actual  
(do 01-01-05 ao 31-12-08)

PRM: Datos referidos ao período electoral anterior  
(do 01.01.04 ao 31.12.07)

**GE 13- Comparativa de representantes elixidos, entre o período actual (01.01.05 ao 31.12.08) e o período anterior (01.01.04 ao 31.12.07), nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.**




**2.15- Distribución provincial da participación electoral, dende o 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2008.**

Provincia	Traballadores afectados (electores)		Traballadores participantes (votantes)		porcentaxe de participación por provincias %
	N.º	% (1)	N.º	% (2)	
A Coruña	187.470	41,94	130.719	40,02	69,73
Lugo	47.619	10,65	36.216	11,09	76,05
Ourense	46.165	10,33	35.457	10,86	76,80
Pontevedra	165.775	37,08	124.239	38,04	74,94
<b>Totais</b>	<b>447.029</b>	<b>100,00</b>	<b>326.631</b>	<b>100,00</b>	<b>73,07</b>


(1) Porcentaxe de traballadores afectados en relación co total

(2) Porcentaxe de traballadores participantes en relación co total

**GE 14- Participación electoral, dende o 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2008.**




**GE 15- Distribución da participación por provincias**




**2.16- Distribución provincial dos electores, votantes e participación electoral desagregada por sexo, desde o 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2008.**

	ELECTORES			VOTANTES			PARTICIPACIÓN ELECTORAL		
	Mulleres	Varóns	Total	Mulleres	Varóns	Total	Mulleres	Varóns	Total
A Coruña	66.940	120.530	187.470	46.559	84.160	130.719	69,55	69,82	69,73
Lugo	11.785	35.834	47.619	8678	27.538	36.216	73,64	76,85	76,05
Ourense	13.057	33.108	46.165	9816	25.641	35.457	75,18	77,45	76,80
Pontevedra	66.769	99.006	165.775	48.351	75.888	124.239	72,42	76,65	74,94
<b>Total</b>	<b>158.551</b>	<b>288.478</b>	<b>447.029</b>	<b>113.404</b>	<b>213.227</b>	<b>326.631</b>	<b>71,53</b>	<b>73,91</b>	<b>73,07</b>


**GE 16- Electores segundo sexo e provincia**



GE 17- Votantes segundo sexo e provincia



GE 18- Distribución da participación electoral segundo sexo e provincia (%)





### **3.**

# **Folgas e peches patronais**



## Folgas e peches patronais

### Fontes e notas metodolóxicas

O obxectivo desta actividade estatística e a de obter información sobre os expedientes tramitados en materia de folgas e peches patronais, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, durante o ano 2008.

As principais disposicións legais sobre esta materia recóllense na seguinte normativa de aplicación:

#### 1) Xeral

Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo, sobre relacións de traballo (BOE 9.03.77).

Sentenza do Tribunal Constitucional 11/1981, do 8 de abril de 1981, pola que se declaran inconstitucionais algúns artigos do Real decreto lei 17/1977, en materia de folgas e conflitos colectivos (BOE 29.04.81).

Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 29.03.95).

Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral (BOE 11.04.95).

#### 2) Transferencia

Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo (BOE 28.09.82; DOG 19.10.82).

Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG 19.10.82).

#### 3) Autonómica

Decreto 155/1988, do 9 de xuño, polo que se ditan normas para garantir a prestación dos servizos esenciais no ámbito da comunidade autónoma (DOG 20.06.88).

As fontes de información son os cuestionarios estatísticos que se cobren por cada comunicación de folga ou peche patronal.

As delegacións provinciais da Consellería de Traballo achéganlle, mensualmente, á Dirección Xeral de Relacións Laborais información relativa ás folgas e peches patronais do seu respectivo ámbito territorial. Cando a folga afecta máis dunha provincia, as delegacións provinciais proporcionanlle a esta dirección xeral a información correspondente das provincias afectadas, co cuestionario estatístico debidamente cuberto.

Os datos anuais preséntanse regularizados, é dicir, cóntase unha soa vez o número de folgas, os cadros de persoal das empresas e os traballadores afectados, co fin de eliminar aquelas folgas que, iniciadas nun mes dado, continuaron nos meses sucesivos.

Enténdese por folgas realizadas no ano, tanto as iniciadas ao longo do dito ano, como as que comezaron nalgún mes do ano anterior e que continuaron abertas ao longo daquel.

Enténdese por centros de traballo convocados e os seus correspondentes cadros de persoal os potencialmente afectados no momento da convocatoria e, polo tanto, constitúen o máximo de centros/traballadores que pasarían á situación de folga se esta tivese unha aceptación total.

Enténdese por centros de traballo implicados aqueles afectados pola realización da folga dos seus traballadores.

Os traballadores participantes son aqueles traballadores dos centros implicados na folga que participaron suspendendo voluntariamente o seu traballo, xa fose durante o tempo total ou parcial da duración da folga.

O número de xornadas non traballadas obtense, nos conflitos de días completos e con participación constante, multiplicando o número de traballadores participantes polo número de días laborables de duración do conflito. Noutros casos, nos que a par-

ticipación non é constante e/ou a interrupción do traballo non afecta a xornada completa –enténdese por xornada completa a xornada laboral normal que realiza un traballador sen ter en conta as horas extraordinarias–, o cálculo das xornadas non traballadas en cada folga obtense multiplicando o número efectivo de participantes en cada un dos días pola parte da xornada non traballada cada día e sumando este resultado para todos os días de duración.

Considéranse folgas de ámbito provincial as que afectan só unha provincia. Á hora de contabilizar as folgas provinciais, aténdese ao concepto “folga-provincia”. Trátase dun concepto estatístico que ten por obxecto medir a incidencia ou a repercusión que a folga tivo en cada provincia, só dentro do seu respectivo ámbito territorial.

Nas folgas de ámbito autonómico, cada convocatoria de folga considérase un só conflito, independentemente do número de provincias ás que afecte. Para a obtención do cómputo de servizos mínimos, tense en conta o número de días de duración da folga pola media diaria dos postos de traballo incluídos nos servizos mínimos.

Quedan excluídas das folgas obxecto de investigación as seguintes:

- As que non implican xornadas non traballadas, como as chamadas folgas de celo.
- As que non supoñen unha redución definitiva da xornada e, en concreto, as de duración inferior a unha hora.
- As que se refiren a actividades convencionalmente “non produtivas”, como as folgas de estudantes, consumidores, etc.

- As que afectan colectividade sen dereito a folga, como é o caso dos funcionarios militares e das forzas de seguridade do Estado.

A Subdirección Xeral de Traballo realiza, con carácter anual, o tratamento das fichas de comunicacións de folga achegadas ao longo do ano polas delegacións provinciais da Consellería de Traballo, así mesmo efectúa o cómputo das convocatorias de folgas autonómicas e peches patronais

Tamén mensualmente mándase unha copia da cada ficha estatística ao Ministerio de Traballo e Inmigración, quen a súa vez da traslado delas á Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais, en onde, previa depuración e tratamento informático, se elabora a estatística nacional.

### **Variables de estudo**

Folgas de ámbito provincial e autonómico convocadas, suspendidas e realizadas

### **Variables de clasificación**


Folga/peche patronal, empresa, sector, convocantes, motivación, ámbito territorial, resultado da folga, formas de terminación, días de duración, número de centros de traballo convocados, cadro de persoal, número de traballadores participantes, xornadas non traballadas e servizos mínimos.

Gráficos de evolución, das folgas provinciais suspendidas e realizadas, días de duración, traballadores participantes e xornadas non traballadas, desde o 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2008.


**3.1 – Folgas de ámbito provincial convocadas, non realizadas e realizadas, días de folga, traballadores participantes e xornadas non traballadas. Ano 2008.**

Provincia	FOLGAS			Días de folga	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas	% de Traballadores participantes
	Convocadas	Non realizadas	Realizadas				
A Coruña	47	30	17	60	3006	5609	5,9
Lugo	19	8	11	32	1375	1634	2,7
Ourense	10	4	6	8	679	694,5	1,3
Pontevedra	59	32	27	139	45.740	91.333	90,0
<b>Totais</b>	<b>135</b>	<b>74</b>	<b>61</b>	<b>239</b>	<b>50.800</b>	<b>99.270,5</b>	<b>100,0</b>

**G14- Folgas convocadas, non realizadas e realizadas, segundo o ámbito provincial. Ano 2008.**



**G15- Distribución porcentual dos traballadores participantes, segundo o ámbito provincial. Ano 2008.**



**3.2- Folgas de ámbito provincial, de empresa e de sector, realizadas no ano 2008, con indicación dos centros de traballo convocados, cadro de persoal, traballadores participantes, días de duración, xornadas non traballadas e servizos mínimos.**

PROVINCIAIS		Realizadas	Centros de traballo	Cadro de persoal	Traballadores participantes	Días de duración	Xornadas non traballadas	Servizos mínimos
A Coruña	Empresa	17	22	4210	3006	60	5609	434
	Sector							
<b>TOTAL prov. da Coruña</b>		<b>17</b>	<b>22</b>	<b>4210</b>	<b>3006</b>	<b>60</b>	<b>5609</b>	<b>434</b>
Lugo	Empresa	11	121	2735	1375	32	1634	241
	Sector							
<b>TOTAL prov. de Lugo</b>		<b>11</b>	<b>121</b>	<b>2735</b>	<b>1375</b>	<b>32</b>	<b>1634</b>	<b>241</b>
Ourense	Empresa	6	12	696	679	8	694,5	
	Sector							
<b>TOTAL prov. de Ourense</b>		<b>6</b>	<b>12</b>	<b>696</b>	<b>679</b>	<b>8</b>	<b>694,5</b>	
Pontevedra	Empresa	22	82	3121	3161	122	3954	56
	Sector	5	4520	46.609	42.579	17	87.379	2431
<b>TOTAL prov. de Pontevedra</b>		<b>27</b>	<b>4602</b>	<b>49.730</b>	<b>45.740</b>	<b>139</b>	<b>91.333</b>	<b>2487</b>
Totais	Empresa	56	237	10.762	8221	222	11.892	731
	Sector	5	4520	46.609	42.579	17	87.379	2431
<b>Total provincial</b>		<b>61</b>	<b>4757</b>	<b>57.371</b>	<b>50.800</b>	<b>239</b>	<b>99.270,5</b>	<b>3162</b>

**3.3- Folgas de ámbito provincial desenvolvidas no ano 2008, segundo o motivo ou a causa da convocatoria.**

Provincia	11	12	13	14	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	40	50	60	Total
A Coruña		1	3	2		1	3			1	2			2		1	1		17
Lugo			3						5		1			2					11
Ourense		3								1	2								6
Pontevedra	2		5	1			6			6	3			4					27
<b>TOTAL</b>	<b>2</b>	<b>4</b>	<b>11</b>	<b>3</b>		<b>1</b>	<b>9</b>		<b>5</b>	<b>8</b>	<b>8</b>			<b>8</b>		<b>1</b>	<b>1</b>		<b>61</b>

Conflicto derivados do proceso de negociación colectiva e coincidentes no tempo	Conflicto non derivados do proceso de negociación colectiva
(11).- Presión pola negativa a negociar un convenio (12).- Presión pola negativa a revisar un convenio (13).- Presión durante a negociación dun convenio (14).- Interpretación das cláusulas do convenio vixente (30).- Conflicto relacionados con causas sindicais (40).- Conflicto de solidariedade (50).- Outros conflitos motivados polo anuncio ou aplicación de medida de política económica-social (60).- Conflicto por outras causas non laborais	(20).- Reconvención industrial (21).- Regulación de emprego (exclu. os de reconv. industrial) (22).- Organización/sistemas de traballo (23).- Accidente laboral, seguridade e hixiene (24).- Despedimentos, sancións ou outras medidas disciplinarias (25).- Incumprimento de acordos ou normas legais (26).- Falta de pagamento de salarios (27).- Melloras salariais e non salariais independentes do convenio (28).- Melloras salariais e non salariais de colectivos sen convenio (29).- Outras causas laborais

## 3.4 - Folgas de ámbito autonómico convocadas, non realizadas e realizadas. Ano 2008.

Ámbito	FOLGAS		
	Convocadas	Non Realizadas	Realizadas
Empresa	1		1
Sector	13	4	9
<b>Totais</b>	<b>14</b>	<b>4</b>	<b>10</b>


## 3.5- Folgas de ámbito autonómico desenvolvidas no ano 2008, segundo o motivo ou a causa da convocatoria.

Ámbito	11	12	13	14	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	40	50	60	Total
Empresa									1										1
Sector							2						3	4					9
<b>Total</b>							<b>2</b>		<b>1</b>				<b>3</b>	<b>4</b>					<b>10</b>

## Conflitos non derivados do proceso de negociación colectiva


- (22).- Organización/sistemas de traballo
- (24).- Despedimentos, sancións ou outras medidas disciplinarias
- (28).- Melloras salariais e non salariais de colectivos sen convenio
- (29).- Outras causas laborais

## GE 19- Folgas provinciais non realizadas e realizadas, días de duración, traballadores participantes e xornadas non traballadas (evolución do ano 2005 ao 2008)




GE 19- (Continuación)


Días de duración



Traballadores participantes



Xornadas non traballadas





## **4. Infraccións e sancións na orde social**



## Infraccións e sancións na orde social

### Fontes e notas metodolóxicas

O obxecto de investigación estatística deste apartado é o de obter información sobre as actas de infracción levantadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia, e tómase como período de referencia o ano 2008.

As principais disposicións legais referidas a esta materia son as recollidas na seguinte normativa de aplicación:

#### 1) Xeral

Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal (BOE 2.06.94).

Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 29.03.95).

Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral (BOE 11.04.95).

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE 10.11.95).

Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social (BOE 15.11.97).

Real decreto 928/1998 polo que se aproba o Regulamento xeral sobre os procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social (BOE 3.06.98).

Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social (BOE 16.02.00).

Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social (BOE 08.08.00).

Real decreto 1125/2001, do 19 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro (BOE 31.10.01).

Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais (BOE 13.12.03).

Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións na orde social, para regular a actuación dos técnicos habilitados en materia de prevención de riscos laborais (BOE do 23.06.05; CE BOE do 17.10.05).

Real decreto 306/2007, do 2 de marzo, polo que se actualizan as contías das sancións establecidas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto (BOE 19.03.07)

Real decreto 597/2007, do 4 de maio, sobre a publicación das sancións por infraccións moi graves en materia de prevención de riscos laborais (BOE 5.05.07).

Lei 38/2007, do 16 de novembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, en materia de información e consulta dos traballadores e en materia de protección dos traballadores asalariados en caso de insolvencia do empresario (BOE 17.11.07).

Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción (BOE 14.12.07)

#### 2) Transferencia

Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE 28.09.82; DOG 19.10.82).

Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG 19.10.82).

### 3) Normativa autonómica

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 29.1º, que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que, neste eido e no ámbito de execución, lle corresponden ao Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste.

De acordo co anterior, polo Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, transfíreselle á Xunta de Galicia a potestade sancionadora por infraccións na orde social, na actualidade asignada á Consellería de Traballo

Orde do 22 de maio de 1987, pola que se determina o procedemento que se ten que seguir na recadación, en período voluntario e executivo, de multas e sancións (DOG 03.07.87).

Así mesmo, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, ditada en uso da competencia exclusiva establecida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia, regula, no seu artigo 139, o réxime de infraccións e sancións en materia de sociedades cooperativas.

O artigo 34.7º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, segundo redacción dada polo artigo 30 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo, permite a atribución regulamentaria da competencia para resolver os recursos administrativos promovidos contra as resolucións das entidades ou organismos da consellería a outros órganos distintos do seu titular.

O Decreto 211/2003, do 3 de abril, establece a distribución de competencias entre os órganos da Xunta de Galicia para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector.

O Decreto 211/2005, do 3 de agosto, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Pola súa

vez, o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, fixa a estrutura orgánica dos seus departamentos.

O Decreto 536/2005, do 6 de outubro, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e encomenda á Dirección Xeral de Relacións Laborais a dirección, coordinación, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, seguridade e saúde laboral, cooperativas e entidades de economía social, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.

Tamén lle encomenda ao titular da dirección xeral, no ámbito das competencias da dirección xeral, o coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polos delegados provinciais no seu respectivo ámbito territorial de conformidade co establecido no artigo 6 do citado Decreto 211/2003, do 3 de abril.

En virtude do exposto anteriormente o coñecemento das infraccións nas materias laborais e de prevención de riscos laborais e por obstrución ao labor inspector no ámbito competencial substantivo da Comunidade Autónoma de Galicia corresponderalle á Consellería de Traballo, en virtude de acta levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e mediante a tramitación do correspondente expediente.

A competencia para sancionar por infraccións en materia laboral e obstrución á actividade inspectora corresponderalles:

- a) Ás persoas titulares das delegacións provinciais da Consellería de Traballo, ata 6.010,12 euros.
- b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, ata 30-050,61 euros.
- c) Á persoa titular da Consellería de Traballo, ata 60.101,21 euros.
- d) Ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Traballo, ata 90.151,82 euros.

A competencia para sancionar por infraccións en

materia de prevención de riscos laborais corresponderalles:

- a) Ás persoas titulares das delegacións provinciais da Consellería de Traballo, ata 30.050,61 euros.
- b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, ata 90.151,82 euros.
- c) Á persoa titular da Consellería de Traballo, ata 300.506,05 euros.
- d) Ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Traballo, ata 601.012,10 euros.

A competencia para sancionar por infraccións en materia de cooperativas, de conformidade co disposto no artigo 139.5º da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, corresponderalles:

- a) Ás persoas titulares das delegacións provinciais da Consellería de Traballo, ata 6.010,12 euros, cando a cooperativa figure inscrita nos correspondentes rexistros provinciais.
- b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, ata 18.030,36 euros.
- c) Á persoa titular da Consellería de Traballo, ata 30.050,61 euros.

Para a determinación do órgano competente para a imposición das sancións correspondentes terase en conta, en cada caso, a contía proposta pola Inspección de Traballo e Seguridade Social a través da acta levantada para o efecto.

Nos supostos de pluralidade de infraccións correspondentes á mesma materia nun único expediente sancionador, será órgano competente para impoñer a sanción pola totalidade das devanditas infraccións o que o sexa para impoñer a de maior contía.

Na suspensión de actividades de empresas de traballo temporal será competente para resolver a conselleira de Traballo, nos supostos de reincidencia da empresa de traballo temporal na comisión de infraccións tipificadas como moi graves, no artigo 18 do texto refundido da Lei sobre infraccións e

sancións na orde social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, cando o expediente sancionador leve aparelada a proposta de suspensión de actividades, conforme ao previsto no artigo 41.3º da mesma norma.

O Consello da Xunta de Galicia, cando concorran circunstancias de especial gravidade nas infraccións en materia de seguridade e saúde no traballo, poderá acordar a suspensión das actividades laborais por un tempo determinado ou, no caso extremo, o peche do centro de traballo correspondente, sen prexuízo, en todo caso, do pagamento do salario ou das indemnizacións que procedan e das medidas que se poidan arbitrar para a súa garantía, de acordo co establecido no artigo 53 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

As resolucións ditadas polos delegados provinciais da Consellería de Traballo poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o director xeral de Relacións Laborais.

As resolucións ditadas polo director xeral de Relacións Laborais poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o conselleiro de Traballo.

#### 4) Convenios

Convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Inmigración e a Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de Inspección de Traballo e Seguridade Social.

#### Sancións e demais actuacións públicas en materia laboral

O procedemento sancionador trátase dun procedemento administrativo especial, regulado principalmente na Lei 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.

O procedemento sancionador iníciase en virtude de acta de infracción ou obstrución levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social de oficio, por propia iniciativa, mediante denuncia ou a instancia de persoa interesada.

A competencia sancionadora na orde social, atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia, recae

sobre materias de carácter laboral e de seguridade e hixiene e saúde laboral; é dicir, as infraccións previstas nos artigos 94 a 97 do Estatuto dos traballadores; artigos 19, 20 e 25 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal; artigos 139 e seguintes da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia e artigos 45 a 48 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e as modificacións, que afectan parcialmente as referidas disposicións, introducidas mediante a Lei 5/2000, do 4 de agosto; Real decreto 1125/2001, do 19 de outubro e o Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, anteriormente citadas.

A tramitación e o control directo da recadación das multas impostas faise nas delegacións provinciais, con independencia do órgano que sexa competente para resolvelas. Fan un recuento das ingresadas no período voluntario e as non ingresadas no dito período remítenas á Consellería de Economía e Facenda, para o inicio da vía executiva. Esta dirección xeral fai un seguimento mensual da situación da recadación.

As delegacións provinciais da Consellería de Traballo achégannos, mensualmente, os datos dos expedientes iniciados e resoltos así como os resultados da recadación de multas. Nos servizos centrais recóllense igualmente os datos dos expedientes iniciados e resoltos en instancia pola propia Dirección Xeral de Relacións Laborais así como en vía de recurso.

O ámbito territorial ten como extensión a Comunidade Autónoma de Galicia, tendo o máximo nivel de desagregación nas provincias.

O ámbito poboacional comprende aos traballadores e empresas da Comunidade Autónoma de Galicia.

As unidades informantes son as delegacións provinciais da Consellería de Traballo e a Subdirección Xeral de Traballo.

## Variables de estudo

Expedientes iniciados e resoltos en primeira instancia diante das delegacións provinciais e expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso

## Variables de clasificación

Ámbito territorial, materia, tipo de infracción e grao de sanción, órgano competente para resolver e contía das sancións.

Os datos achegados neste capítulo reflicten os resultados do ano 2008, segundo:

- Expedientes iniciados en primeira instancia diante das delegacións provinciais, con indicación do número de expedientes e da contía das sancións e datos relativos ao tipo, grao e materia da sanción.

- Expedientes resoltos en primeira instancia, con independencia de quen sexa a autoridade laboral competente para resolver as delegacións provinciais, dirección xeral, conselleiro ou Consello da Xunta (no sucesivo, DP/DX/C/CX), segundo tipo, grao, materia da sanción e contía total das multas impostas, con independencia do ano da súa iniciación.

- Expedientes iniciados nos servizos centrais, tanto en 1ª instancia como en vía de recurso e expedientes resoltos nos servizos centrais, tanto en 1ª instancia como en vía de recurso, ben formulados no ano 2008 ou en anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou a resolución de instancia.

- Total de expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso. Ano 2008.

No cómputo do número de expedientes, tanto dos iniciados como dos resoltos, cada expediente pode conter máis dunha infracción da mesma ou diferente materia e do mesmo ou diferente tipo e grao, e computaranse como un só expediente.

**4.1.- Expedientes de sancións iniciados en primeira instancia nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción. Ano 2008**

	N.º de expediente	Contía das sancións
A Coruña	819	4.143.487,00
Lugo	107	600.334,38
Ourense	163	694.737,18
Pontevedra	722	4.406.599,78
<b>Totais</b>	<b>1811</b>	<b>9.845.158,34</b>


**Sancións en materia de traballo**

	INFRACCIÓNS			GRAO DE SANCIÓN		
	MOI GRAVE	GRAVE	LEVE	MÁXIMO	MEDIO	MÍNIMO
A Coruña	49	193	14	42	83	131
Lugo	5	18	1	4	6	14
Ourense	13	40	7	9	9	42
Pontevedra	76	172	7	46	54	155
<b>Totais</b>	<b>143</b>	<b>423</b>	<b>29</b>	<b>101</b>	<b>152</b>	<b>342</b>

**Sancións en materia de seguridade e saúde laboral**

	INFRACCIÓNS			GRAO DE SANCIÓN		
	MOI GRAVE	GRAVE	LEVE	MÁXIMO	MEDIO	MÍNIMO
A Coruña	18	652	60	27	57	646
Lugo	4	76	3	2	10	71
Ourense	6	96	13	0	14	101
Pontevedra	12	587	52	14	89	548
<b>Totais</b>	<b>40</b>	<b>1411</b>	<b>128</b>	<b>43</b>	<b>170</b>	<b>1366</b>

**G16 - Distribución provincial coa porcentaxe dos expedientes iniciados.**



**4.2.- Expedientes resoltos en primeira instancia, segundo o órgano competente e o seu ámbito territorial, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción. Ano 2008**

COMPETENCIA	N.º de expedientes	Contía das sancións
DP A Coruña	725	2.251.194,13 €
DP Lugo	101	306.497,40 €
DP Ourense	161	375.396,16 €
DP Pontevedra	619	2.092.545,59 €
Dirección xeral	105	1.529.747,76 €
Conselleiro	5	258.222,00 €
Consello Xunta	2	148.081,00 €
<b>Totais</b>	<b>1718</b>	<b>6.961.684,04 €</b>

**En materia de traballo**


COMPETENCIA	INFRACCIÓNS			GRAO DE SANCIÓN		
	MOI GRAVE	GRAVE	LEVE	MÁXIMO	MEDIO	MÍNIMO
DP A Coruña	13	157	20	37	66	87
DP Lugo	4	15	1	3	5	12
DP Ourense	6	45	7	8	13	37
DP Pontevedra	25	144	8	26	35	116
Dirección xeral	62	29	0	24	9	58
Conselleiro	3	0	0	0	3	0
Consello Xunta	2	0	0	1	1	0
<b>Totais</b>	<b>115</b>	<b>390</b>	<b>36</b>	<b>99</b>	<b>132</b>	<b>310</b>

**En materia de seguridade e saúde laboral**

COMPETENCIA	INFRACCIÓNS			GRAO DE SANCIÓN		
	MOI GRAVE	GRAVE	LEVE	MÁXIMO	MEDIO	MÍNIMO
DP A Coruña	0	615	77	22	54	616
DP Lugo	0	74	7	4	8	69
DP Ourense	0	104	12	0	14	102
DP Pontevedra	0	562	59	9	83	529
Dirección xeral	27	8	1	3	2	31
Conselleiro	4	0	0	0	3	1
Consello Xunta	0	0	0	0	0	0
<b>Totais</b>	<b>31</b>	<b>1363</b>	<b>156</b>	<b>38</b>	<b>164</b>	<b>1348</b>



**G17- Distribución dos expedientes resoltos segundo o órgano competente para resolver. Ano 2008**



**4.3.- Expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados no ano 2008 ou en anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou resolución de instancia, procedemento, materia, tipo de infracción e grao de sanción.**

- RADX Recurso de alzada dirección xeral
- IDX 1.ª instancia dirección xeral
- RAC Recurso alzada conselleiro
- IC 1.ª instancia conselleiro
- Rep. Recurso de reposición
- Rev. Recurso de revisión

**Expedientes iniciados nos servizos centrais da Consellería de Traballo. Ano 2008**

N.º EXPTE.	PROVINCIA				PROCEDEMENTO					MATERIA	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	RA DX	IDX	RA C	IC	C X	Traballo	Seguridade e saúde laboral
766	356	49	55	306	691	37	36	2	0	159	607

**Expedientes resoltos nos servizos centrais da Consellería de Traballo, tanto en 1ª instancia como en vía de recurso. Ano 2008.**

N.º EXPTE.	PROVINCIA				PROCEDEMENTO				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	RA DX	IDX	RA C	IC	Rep. Rev.
536	318	38	31	149	534	0	2	0	0

**Traballo**

**Seguridade e saúde laboral**


INFRACCIÓNS			GRAO DE SANCIÓN			INFRACCIÓNS			GRAO DE SANCIÓN		
Moi graves	Graves	Leves	Máximo	Medio	Mínimo	Moi graves	Graves	Leves	Máximo	Medio	Mínimo
14	87	3	41	20	43	0	525	48	21	58	494

**4.4- Total de expedientes iniciados e resolto nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados no ano 2008 ou en anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou a resolución de instancia do procedemento.**

Provincia	Iniciados	Resolto	Non resolto
A Coruña	356	318	38
Lugo	49	38	11
Ourense	55	31	24
Pontevedra	306	149	157
<b>Totais</b>	<b>766</b>	<b>536</b>	<b>230</b>

Procedemento	Iniciados	Resolto	Non resolto
Recurso de alzada	691	534	157
Instancia dirección xeral	37	0	37
Recurso de alzada conselleiro	36	2	34
Instancia Consello da Xunta	2	0	2
Recurso de revisión	0	0	0
Recurso de reposición	0	0	0
<b>Totais</b>	<b>766</b>	<b>536</b>	<b>230</b>

**G18- Porcentaxe de expedientes resolto. Ano 2008**



# **5.**

## **Regulación de empleo**



## Regulación de emprego

### Fontes e notas metodolóxicas

A materia obxecto de investigación son os expedientes tramitados na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2008, a través do procedemento administrativo laboral, que ten por finalidade a suspensión e a extinción das relacións laborais, garantindo os dereitos dos traballadores, e que se inicia mediante solicitude do empresario dirixida a autoridade laboral competente, procedendo simultaneamente mediante comunicación escrita á apertura dun período de consultas cos representantes dos traballadores.

Os traballadores, a través dos seus representantes poderán solicitar igualmente a iniciación do procedemento de regulación de emprego, se racionalmente se presume que a non incoación deste polo empresario lles puidese ocasionar prexuízos de difícil ou imposible reparación.

As principais disposicións legais no tocante a esta materia están contidas na seguinte normativa de aplicación:

#### 1) Xeral

Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 29.03.95).

Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral (BOE 11.04.95).

Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e actuación administrativa en materia de traslados colectivos (BOE 20.02.96).

Artigo 64 da Lei concursal, número 22 do 9 de xullo de 2003 (BOE 10.07.03).

Lei 38/2007, do 16 de novembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, en materia de información e consulta dos traballadores e en materia de protección dos traballadores asalariados en caso de insolvencia do empresario (BOE 17.11.07).

### 2) Transferencia

Real decreto 1999/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de regulación de emprego (BOE 12.11.84; DOG 27.11.84); Decreto 188/1984, do 29 de novembro, sobre asunción de transferencias en materia de expedientes de regulación de emprego e a súa asignación (DOG 17.01.85).

As causas que motivan o inicio deste procedemento poden ser económicas, técnicas, organizativas ou de produción. En canto ás medidas, contémpanse as seguintes: extinción das condicións xurídico-laborais, suspensión dos contratos de traballo e redución de xornada.

A fonte básica de información son as follas individualizadas (Modelo DP-124) de expedientes iniciados e resoltos no mes anterior que, mensualmente e dentro do seu respectivo ámbito territorial, nos achegan as delegacións provinciais, así como uns resumos estatísticos destes expedientes, co fin de elaborar a estatística da comunidade autónoma.

A intervención e competencia da autoridade laboral, cando se trata de extinción por causa económica, técnica, organizativa ou de produción, quedou limitada aos despedimentos colectivos.

Esa intervención réxese polas seguintes regras de competencia:

- a) En empresas establecidas na súa totalidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as delegacións provinciais da Consellería de Traballo, cando os traballadores afectados se sitúen nunha soa provincia e a Dirección Xeral de Relacións Laborais, cando se trate de empresas de máis de 500 traballadores ou cando haxa traballadores afectados en varias provincias.
- b) Cando se trate de expedientes que afectan empresas que contén con traballadores ou centros de traballo fóra de Galicia, se o expediente afecta tan só traballadores establecidos en Galicia, a competencia será da Consellería de

Traballo e, se o expediente afecta traballadores establecidos tanto en Galicia coma noutras comunidades autónomas, se polo menos o 85% do cadro de persoal se sitúa en Galicia, o expediente iniciárase ante a Consellería de Traballo, quen elevará proposta de resolución ante a autoridade laboral competente da Administración central.

En calquera outro caso, a intervención da autoridade laboral da Comunidade Autónoma de Galicia limitárase á emisión do preceptivo informe.

Quedan exceptuados da transferencia nesta materia e reservados á Administración central os expedientes que afecten empresas acollidas a plans de reconversión; empresas que recibiron créditos excepcionais e avais concedidos polo Goberno da nación, de acordo cos artigos 5 e) e 37 da Lei de crédito oficial; empresas de patrimonio do Estado e empresas relacionadas coa defensa nacional. Neste caso, débese solicitar informe da Consellería de Traballo.

Os datos que se ofrecen neste anuario refírense tanto aos expedientes resoltos en primeira instancia como aos expedientes resoltos por vía de recurso ante a autoridade competente na materia.

Denomínanse expedientes pactados aqueles que se presentan con acordo previo entre a empresa e ante os representantes legais dos traballadores.

O cadro de persoal no tamaño da empresa defínese como o total dos traballadores da empresa ou do centro de traballo, segundo quen presente o expediente.

Cando hai máis dunha medida autorizada por medio dun só expediente, cada unha destas medidas reflíctese nas desagregacións dos expedientes resoltos segundo a medida autorizada.

## Variables de estudo

Expedientes autorizados, traballadores afectados, expedientes resoltos e expedientes tramitados na Dirección Xeral de Relacións Laborais.

## Variables de clasificación

- Expedientes de regulación de emprego autorizados e traballadores afectados, segundo o ámbito territorial provincial, autonómico e totais Galicia, rama de actividade (CNAE 93, 2 díxitos) e sexo.
- Expedientes de regulación de emprego autorizados e traballadores afectados con indicación da medida autorizada -redución de xornada, rescisión e suspensión das relacións laborais- e segundo a causa alegada no inicio do expediente.
- Expedientes resoltos segundo o tipo de resolución (autorizados pactados, autorizados non pactados, non autorizados e desistidos), ámbito territorial e sexo
- Expedientes resoltos segundo a medida autorizada, tipo de resolución e sexo
- Expedientes de regulación de emprego segundo as causas, ámbito territorial provincial e totais da Comunidade Autónoma de Galicia
